

Xoves, 26 de decembro de 2024

Núm. 249

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RODEIRO

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS ANO 2024

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 17 de decembro de 2024 aprobouse a convocatoria e as bases específicas para o ano 2024 das axudas reguladas pola Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro (BOP núm. 155, do 12.08.2005).

BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS ANO 2024

O Concello de Rodeiro aproba as bases específicas reguladoras de concesión de axudas e subvencións destinadas a promover e fomentar actividades deportivas, segundo os principios de obxectividade, concorrencia, publicidade e transparencia.

1.- **Obxecto:** O Concello de Rodeiro concederá axudas económicas pola promoción, difusión e realización de actividades culturais durante o ano 2024, que se financiarán con cargo a partida orzamentaria 330/480, co límite de 20.000,00 €. Entenderase como actividade cultural as dirixidas á ensinanza musical, á promoción da cultura, á xuventude, á muller, á preservación das tradicións ou calquera outra que redunde en beneficio dos veciños asociados, sempre que formen parte dos fins da asociación.

2.- **Beneficiarios:** Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas sen ánimo de lucro e con domicilio en Rodeiro que desenvolvan as actividades obxecto da subvención entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2024.

3.- **Solicitude e documentación:** O prazo de solicitude será de corenta días naturais contados dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). As solicitudes presentaranse obrigatoriamente de xeito electrónico a través da sede electrónica do Concello (<https://rodeiro.sedelectronica.gal>) utilizando o trámite "instancia xeral", á que achegarán os formularios oficiais que figuran na web municipal e toda a documentación que esixe a ordenanza xeral de subvencións do Concello. Se algunha asociación presenta a solicitude presencialmente, o Concello requirirá que sexa emendada a través da súa presentación electrónica e, nese suposto, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

4.- **Valoración das solicitudes:** Para a adxudicación das axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- Programación estable ao longo do ano.



Xoves, 26 de decembro de 2024

Núm. 249

- Difusión da actividade.
- Número de persoas que participan e se benefician da actividade.
- Orzamento total da actividade.
- Incidencia sobre a promoción dos valores culturais, artísticos, tradicionais, gastronómicos, etc. do Concello.

Transcorridos tres meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes sen que os interesados obteñan resposta expresa a súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

5.- **Disposición adicional:** No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades se ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, publicada no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 e, de xeito supletorio, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Rodeiro, na data da sinatura electrónica

O alcalde — José Luís Camiñas Vázquez

